PROCEDEMENTO: **REALIZACIÓN DE DETERMINACIÓNS ANALÍTICAS**	DOCUMENTO: **INSTRUCIÓNS PARA A LIQUIDACIÓN DO PREZO DE APLICACIÓN E PARA O ENVÍO DAS MOSTRAS**

1. LIQUIDACIÓN DO PREZO DE APLICACIÓN:

O servizo consistente na *realización de determinacións analíticas* está suxeito aos prezos privados regulados na *Orde de 24 de febreiro de 2012, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se establecen os prezos privados pola realización de determinacións analíticas no Laboratorio de Hixiene Analítica do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (Issga) (DOG nº 51, de 13 de marzo de 2012)*. Tanto esta norma, como a relación de prezos de aplicación aos diferentes tipos de determinacións analíticas pode consultalos nos documentos que se xuntan dispoñibles nesta páxina web. Para tal efecto, xunto coa solicitude deberá achegar o documento xustificativo da liquidación do prezo resultante das determinacións analíticas solicitadas, sendo un requisito previo e necesario para a prestación do servizo.

A liquidación do prezo resultante poderá efectuala a través do servizo de Pago de taxas e prezos da OV da Axencia Tributaria de Galicia, que permite realizar a autoliquidación de taxas e prezos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia. Poderá realizar a xestión por vía telemática ou presencial.

Se desexa tramitar a taxa por vía telemática, deberá introducir os datos da taxa e efectuar o pago da mesma. Para isto dispón das modalidades de pago telemático (cargo en conta ou tarxeta) e pago presencial (mediante un impreso para presentar na entidade bancaria). Unha vez realizado o ingreso obterá o xustificante correspondente.

Se desexa tramitar a taxa de xeito presencial poderá obter un modelo en branco para cubrir ou ben introducir os datos da taxa e a aplicación lle proporcionará o modelo xa cuberto.

Para a correcta cobertura do impreso de autoliquidación de taxas conforme a opción de pagamento que se utilice, deberá especificar os seguintes códigos nos espazos habilitados para tal fin:

Consellería de: ***Emprego e Igualdade*** Código: ***17***

Delegación de: ***Servizos Centrais*** Código: ***13***

Servizo: ***Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral*** Código: ***06***

Taxa/Prezo denominación: ***Análise do laboratorio do ISSGA*** *Código:* ***364200***

Unha vez efectuado o pagamento do prezo correspondente, deberá achegar coa solicitude o documento xustificativo do pagamento efectuado.

Edificio SL35
Avda. Fernando Casas Novoa, 35 B - 3º C-D
15707 Santiago de Compostela
T. +34 981 544 625
issga@xunta.gal
issga.xunta.gal

2. INSTRUCIÓNS PARA O ENVÍO DAS MOSTRAS:

2.1.- Toda solicitude de análise deberá ser consultada previamente co Laboratorio de Hixiene Analítica, no teléfono 886 218 100, ou no correo electrónico issga.pontevedra@xunta.gal (indicando no asunto "Solicitude de determinación analítica") . Esta consulta deberase realizar antes de facer a mostraxe, posto que a mesma estará condicionada á dispoñibilidade do método analítico.

2.2.- O laboratorio informará igualmente sobre as condicións materiais nas que se debe realizar a captación, a forma de envío e a estabilidade das mostras. Así mesmo, en caso de dúbida, tamén informará sobre o prezo das análises solicitadas.

2.3.- O envío de mostras ao laboratorio débese realizar preferentemente en man ou mediante un medio seguro, co tipo de embalaxe que sexa recomendado no método analítico.

2.4.- A solicitude de análise debe estar correctamente cuberta. O laboratorio rexeitará todas aquelas mostras que lle cheguen sen a correspondente solicitude, acompañada do documento xustificativo do pagamento do prezo correspondente. A solicitude que se vai presentar deberá incluír os seguintes **datos identificativos das mostras:**

Identificación de cada mostra:
Todas as mostras, incluídos os brancos, enviadas ao laboratorio para a súa análise deberán chegar cunha etiqueta ou alternativamente rotuladas cun rotulador indeleble que garanta de forma clara e inequívoca a súa identificación. Esta identificación será a mesma que apareza na solicitude, no apartado código de mostra.

Tipo de mostra:
As mostras que se inclúan nunha mesma solicitude deberán ser homoxéneas en canto ao tipo de análise solicitado (*por exemplo: unha solicitude para vapores orgánicos en carbón activo, unha solicitude para metais en filtro, etc.*)

Compostos solicitados:
No campo de compostos solicitados indicaranse os contaminantes que se desexan analizar.

Envío e conservación:
En xeral aconséllase transportar as mostras o máis rapidamente posible ao laboratorio dende o momento da súa recollida. As mostras enviaranse ao laboratorio tomando as medidas necesarias para evitar que os envases poidan caerse ou romper durante o transporte. O solicitante será responsable de enviar as mostras refrixeradas ou en recipientes illantes que garantan a súa conservación, no caso daquelas mostras que así o requiran. O laboratorio rexeitará mostras cando cheguen en cantidade insuficiente, en mal estado de conservación, ou cando o tempo transcorrido entre a toma e a entrega das mostras no laboratorio sexa inasumible dende o punto de vista analítico.

Observacións:
No campo de observacións o solicitante poderá incluír todos os datos adicionais que considere oportunos.

2.5.- No campo "**número de mostras enviado**" indicarase o cómputo total de mostras enviadas, incluídos os brancos, que deberá coincidir coas que recibe o laboratorio.

2.6.- Por cada grupo de mostras enviarase ao laboratorio un ou varios brancos que se terán que manipular de forma idéntica a como se fixera coas mostras, excepto a captación. Estes brancos de campo non deben ter sido utilizados anteriormente e serán do mesmo lote utilizado para a recollida das mostras. Débese enviar ao menos un branco por envío.

2.7.- No caso de mostras recollidas en adsorbentes sólidos (por exemplo, carbón activo), cada vez que se solicite a análise cuantitativa dun novo composto ou se cambie de lote de tubos de carbón activo tamén se deberán enviar ao menos 3 tubos do mesmo lote para calcular a eficacia de desorción.

2.8.- No caso de determinacións de materia particulada en filtros de PVC, antes da toma de mostras, deberanse enviar os filtros ao laboratorio para prepesalos.

2.9.- No caso de que ao laboratorio cheguen mostras rotas ou en mal estado, o persoal do laboratorio rexistrará a incidencia e porao en coñecemento do solicitante, acordando a devolución das ditas mostras no caso que así o requira.

2.10.- No caso de que se desexe realizar calquera modificación relativa á solicitude inicial, a entidade (ben sexa a instancia do solicitante ou do laboratorio) poñerase en contacto coa outra parte. Os cambios acordados documentaranse nun documento que facilitará o propio laboratorio. A estes efectos, o laboratorio asinará a conformidade cos cambios efectuados e o documento remitirase ao solicitante para que asine a súa conformidade, de forma que quede constancia da aceptación dos cambios por ambas as dúas partes.

Edificio SL35
Avda. Fernando Casas Novoa, 35 B - 3º C-D
15707 Santiago de Compostela
T. +34 981 544 625
issga@xunta.gal
issga.xunta.gal